|--------------------------------------------|---------------------|-----------------------------------------------|-------------------|
| PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.                    | D014372             | LINTERNA TACTICA RECARGABLE ref.TT3R - LED SE | 1.211,21          |
| PORTAS ULLOA , RAIMUNDO                    | 04/26               | REDE DE TENIS                                 | 119,70            |
| PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.   | 5626202668000450    | MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F           | 774,50            |
| PROINDEX, S. L.                            | E00185              | AMON 4 L. DETERG.AMONIACAL MULTIUSOS C-3 GARR | 133,29            |
| QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U. | 26ZNX0078929        | TAD Diputación de Pontevedra - CONCELLO SILLE | 578,35            |
| RANFI R PEGUERO GIL                        | F000101-15          | VALE DÍA DO COMERCIO                          | 20,00             |
| RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.                   | B/3.745             | MATERIAL MANTEMENTO                           | 62,74             |
| RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.                   | B/4.333             | MATERIAL MANTEMENTO                           | 49,92             |
| REDES DE TELECOM. GALEGAS RETEGAL, S. A.   | A2026/A/202603209   | 60 - Servizos RESGAL,60 - Servizos RESGAL     | 291,09            |
| RIVAS ABADES , MARÍA ISABEL                | T/86                | VALE DÍA DO COMERCIO                          | 20,00             |
| ROZADOS VIEITEZ , MERCEDES                 | B001/2026           | COMIDAS                                       | 255,00            |
| SISMATO, S. L.                             | T/656               | PREMIO ROMERÍA DA ROSQUILLA                   | 75,00             |
| SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA  | 4004676845          | Carta(N) 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-  | 257,29            |
| SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN   | V-FACTUR262026/0947 | Tratamento RU Mes Marzo 2026,Reducción        | 23.087,98         |
| SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN   | V-FACTUR262026/1056 | Tratamento Biorresiduos Mes Marzo 2026        | 269,95            |
| SUCESORES COUTO, S. L.                     | A/4645              | MATERIAL OBRAS                                | 157,09            |
| SUMICONS GONZALEZ, S.L.                    | 2600373             | ENLACE RECTO 63 TOF,TUBO EVACUACION STD 5MTS  | 111,08            |
| SUMINISTRO INTEGRAL DE AGUA, S. L.         | 26-LAL882           | TUBO POLIETILENO A.D. PE100 AENOR Ø40X16 ROLL | 378,61            |
| SUMINISTRO INTEGRAL DE AGUA, S. L.         | 26-LAL733           | TUBO POLIETILENO A.D. PE100 AENOR Ø40X10 ROLL | 269,14            |
| TABOADA BLANCO , ALBERTO                   | 221C                | MATERIAL SERVIZO DE AUGAS                     | 596,95            |
| TABOADA BLANCO , ALBERTO                   | 220C                | MATERIAL SERVIZO DE AUGAS                     | 887,38            |
| TABOADA COEGO , LUIS MANUEL                | 2026/00033          | REPARACIÓNS ELÉCTRICAS EDIFICIOS MUNICIPAIS   | 521,51            |
| THEBESMODA, S. L.                          | 51905               | VALES DO DÍA DO COMERCIO                      | 40,00             |
| TITANIUM SILLEDA, C. B.                    | F-001/0000000015    | VALE DIAS DO COMERCIO LOCAL                   | 20,00             |
| UTE SILLEDA SOSTIBLE                       | SI 202617           | SERVICIOS DE RECOGIDA Y TRANSPORTE DE RSU. RE | 37.666,10         |
| VARELA LÓPEZ , MARÍA LUISA                 | 2026/8              | VALE DIA DO COMERCIO LOCAL                    | 20,00             |
| VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.               | E388504000001       | productos 4.0% con formato caja-ticket-fecha, | 469,94            |
| VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.               | E388504000003       | productos 10.0% con formato caja-ticket-fecha | 22,42             |
| VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.               | E388504000002       | productos 10.0% con formato caja-ticket-fecha | 28,88             |
| YOLANDA LÓPEZ VILLAR                       | A 39                | VALES RASCA E GAÑA                            | 30,00             |
|                                            |                     | <b>TOTAL</b>                                  | <b>226.134,91</b> |

**Expediente 835/2026. Aprobación facturas maio 2026 omisión.**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

| Nº Factura      | Terceiro                                                | Descrición                                    | Importe          |
|-----------------|---------------------------------------------------------|-----------------------------------------------|------------------|
| 26-11           | BORRAGERO LÓPEZ, XESÚS                                  | Servizo de atención ao público no Mosteiro de | 2.117,50         |
| 202628          | CONSULTORIA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L. | (G1307/2025) 33% del Servicio de Dirección de | 1.652,09         |
| 202630          | CONSULTORIA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES, S. L. | Informe técnico de evaluación de las memorias | 490,10           |
| F260391         | CONTALOCAL S.L.                                         | Mantenimiento informático, contable y web en  | 999,10           |
| 853             | PARQUE 7, S. L.                                         | Servicio mensual_Laboral                      | 347,27           |
| 202517209       | PROTESE, S. L.                                          | EQUIPO ALTERNATIVO DE TRANSMISION DE ALARMAS  | 392,40           |
| K260008660      | SOLRED, S.A.                                            | LAVADOS,EFITEC 95 N (L),DIESEL E+ NEOTECH (L) | 5.419,64         |
| 28-E6M0-000672  | TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.                          | Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - N | 618,13           |
| 28-E6M0-058443  | TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.                          | Movistar - Tipo de contrato: Tarifa Móvil Ili | 21,53            |
| C2600270        | TOCA SALGADO, S. L.                                     | CAMBIO CISTERNA 12 M3,LODOS DE DEPURADORA URB | 5.762,66         |
| FVR202618010358 | VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.                        | PG26M212908 SUSTITUCION TERMOSTATO BIBLIOTECA | 188,37           |
| FKR202618001128 | VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.                        | SUMINISTRO PELLETS                            | 3.860,25         |
| FKR202618001329 | VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.                        | Amortización de P6 a P1 GuarderíaMantenimient | 2.522,34         |
| FVR202618011203 | VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.                        | Servicio de mantenimiento integral das caldei | 206,70           |
| A/79            | VIVAS RAMÍREZ, ENAR REBECA                              | LIMPEZA LOCAL SOCIAL DE CORTEGADA             | 441,65           |
|                 |                                                         | <b>TOTAL</b>                                  | <b>25.039,73</b> |

**Visto o informe de intervención nº 88/2026** relativo a ditas facturas e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

**FOD Expediente 480/2026. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E CULINARIA PARA DESENVOLVER UN SERVIZO DE REPARTO ALIMENTARIO DENTRO DO PROGRAMA SILLEDA SOLIDARIA**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 480/2026**

Toma a palabra a Sra. Presidenta, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 22 de maio de 2026.

Visto o informe da educadora social, con data 25 de marzo de 2026, no que se indica a necesidade de buscar recursos e crear sinerxias para a axuda da cobertura de necesidades básicas de persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade, acreditando o aumento de demanda neste senso por parte da cidadanía ante os servizos sociais.

Visto o informe xurídico, con data 24 de abril de 2026.

Visto o informe de intervención, con data 27 de abril de 2026.

Visto o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e CULINARIA para este ano 2026:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E CULINARIA PARA DESENVOLVER UN SERVIZO DE REPARTO ALIMENTARIO DENTRO DO PROGRAMA SILLEDA SOLIDARIA.**

*REUNIDOS en Silleda na data da sinatura electrónica.*

*Dunha parte Dña Paula Fernández Pena, Alcadesa-Presidenta, actuando en representación de Excmo. Concello de Silleda (co CIF P3605200I e enderezo en Rúa Progreso, nº41 – Silleda (Pontevedra), de conformidade coas competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*E doutra, Jacobo Durán Vleira , con D.N.I. 39\*\*\*\*actuando en nome e representación de CULINARIA con CIF A07490030 con enderezo en P.I. Área 33 – Parcela 31C 36540 SILLEDA (Pontevedra) .*

*Ambas as partes na representación en que interveñen recoñécense recíprocamente capacidade legal suficiente para formalizar o presente convenio e para tal efecto*

#### **EXPOÑEN**

*I. Que, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos teñen competencias en materia de servizos sociais e atención á comunidade.*

*II. Que segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos deben garantir a cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, incluíndo o acceso á alimentación.*

*III. Que a Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, en particular os seus artigos 47 e seguintes, establece o marco xurídico aplicable á formalización de convenios entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado para a consecución de fins de interese público.*

*IV. Que a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resulta de aplicación á tramitación administrativa do presente instrumento.*

*V. Que a empresa CULINARIA dispón dos medios materiais, persoais e técnicos necesarios para a elaboración e distribución de alimentos, cumprindo coa normativa sanitaria e de seguridade alimentaria vixente, en particular co Regulamento (CE) nº 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004 relativo á hixiene dos produtos alimenticios.*

*VI. Que ambas partes consideran de interese público colaborar para garantir a atención alimentaria a persoas e familias derivadas polos Servizos Sociais comunitarios municipais.*

*VII. Que o presente convenio ten natureza administrativa e non contractual ao abeiro do disposto*

*no artigo 47 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e non ten por obxecto prestacións propias dos contratos do sector público nin supón cesión integral da xestión dun servizo público.*

*En base ao anterior,*

**ACORDAN**

### **PRIMEIRA. OBXECTO E NATUREZA**

*O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre o Concello de Silleda e a empresa CULINARIA para a donación e reparto de menús ou pratos individuais gratuítos destinados a familias en situación de necesidade, derivadas polos Servizos Sociais municipais.*

*A finalidade do convenio é reforzar a cobertura das necesidades básicas de alimentación de persoas e familias en situación ou risco de exclusión social mellorando a resposta municipal de emerxencia social.*

*O presente instrumento ten natureza administrativa, réxese polo previsto nos artigos 40 a 53 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público pola normativa de réxime local, pola normativa autonómica de servizos sociais e, no non previsto, exprésase polos principios xerais do dereito administrativo.*

*As actuacións previstas neste convenio integraranse, se procede, no marco das axudas de emerxencia social e da planificación municipal correspondente.*

### **SEGUNDA. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO E DA NECESIDADE.**

*De conformidade co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e coa Lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, corresponde ao concello desenvolver actuacións dirixidas á avaliación e atención inmediata de situacións de necesidade social.*

*Neste contexto detéctase a conveniencia de articular un mecanismo estable de colaboración que permita asegurar con inmediatez e eficacia a provisión de menús elaborados para familias en situación de vulnerabilidade, como medida de apoio social de carácter básico e urgente.*

*A sinatura deste convenio xustifícase pola súa contribución directa ao interese público municipal, ao permitir complementar e reforzar as actuacións dos servizos sociais mediante a colaboración cunha entidade que dispón de capacidade técnica suficiente para a execución material das prestacións alimentarias.*

*As actuacións recollidas no presente convenio formarán parte das axudas de emerxencia social recollidas no plan estratéxico de subvencións.*

### **TERCEIRA. ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.**

*No marco do presente convenio desenvolveranse, entre outras, as seguintes actuacións:*

- a. A valoración social das situacións de necesidade por parte dos Servizos Sociais municipais.*
- b. A derivación das persoas e unidades familiares beneficiarias, ao programa.*
- c. A donación de menús ou pratos individuais axeitados, equilibrados e aptos para o consumo, consonte á normativa sanitaria aplicable.*
- d. O reparto ou entrega dos menús ou pratos individuais ás persoas beneficiarias, na forma que se determine en cada derivación.*
- e. O seguemento técnico do programa e a coordinación entre as partes.*
- f. A adopción das medidas de control, trazabilidade, confidencialidade e protección de datos que sexan procedentes.*

### **CUARTO. OBRIGAS DO CONCELLO**

*O Concello comprométese a:*

- Avaliar e determinar as situacións de necesidade social conforme á normativa de servizos sociais de Galicia.*
- Seleccionar e derivar ás persoas e unidades familiares e convivenciais beneficiarias do programa mediante documento de derivación.*
- Coordinar, supervisar e realizar a supervisión da execución do programa.*
- Comunicar á entidade colaboradora as altas, modificacións e baixas das persoas beneficiarias.*
- Asumir os custes económicos derivados do reparto dos menús.*
- Facilitar á entidade colaboradora únicamente os datos persoais estritamente necesarios para a correcta prestación do servizo, consonte á protección de datos.*
- Velar porque as actuacións desenvolvidas ao abeiro deste convenio se adecúen ao interese público e á finalidade social que o xustifica.*

### **QUINTA. OBRIGAS DE CULINARIA**

*A empresa comprométese a:*

- Donar os menús ou pratos individuais elaborados conforme aos principios de alimentación saudable e equilibrada e axeitada ás necesidades básicas das persoas destinatarias.*
- Cumprir en todo momento coa normativa sanitaria, hixiénico-alimentaria, laboral e de seguridade aplicable.*
- Garantir a correcta conservación, manipulación, trazabilidade e entrega dos alimentos.*

- Executar a distribución efectiva dos menús ou pratos individuais nas condicións acordadas co Concello.
- Realizar as altas e baixas das persoas beneficiarias exclusivamente por indicación dos servizos sociais municipais do Concello de Silleda.
- Gardar a debida reserva e confidencialidade respecto da información persoal, familiar e social das persoas beneficiarias.
- Colaborar co concello nas tarefas de seguemento, control e avaliación do programa.
- Comunicar de inmediato ao concello calquera incidencia relevante que poida afectar á correcta prestación do servizo.

#### SEXTA. PERSOAS BENEFICIARIAS E CRITERIOS DE ACCESO.

*Serán beneficiarias aquelas persoas ou unidades familiares ou convivenciais residentes no municipio que, logo de valoración técnica dos servizos sociais comunitarios, se atopen en situación ou risco de exclusión social e presenten necesidades alimentarias básicas non cubertas.*

*A proposta de persoas e unidades familiares ou convivenciais beneficiarias será realizada con informe técnico motivado de servizos sociais, acreditando a existencia de exclusión social ou risco de estalo, sempre tendo en conta o establecido na normativa vixente.*

*Para os efectos de valoración teranse en conta, entre outros, os criterios derivados da Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión social de Galicia, especialmente a existencia de insuficiencia ou carencia de recursos económicos e a concorrencia de factores persoais, familiares ou sociais que dificulten a inclusión social. Así, poderanse considerar factores:*

- a. Estar en situación de cargas familiares non compartidas.*
- b. Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de sustancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semexante.*
- c. Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.*
- d. Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.*
- e. Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%.*
- f. Ser inmigrante ou emigrante retornado.*
- g. Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.*
- h. Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.*
- i. Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.*
- k. Pertencer a unha minoría étnica.*
- l. Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.*
- m. Calquera outro factor non previsto expresamente sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.*

*Tamén poderán valorarse como persoas en situación de risco de exclusión social aquelas nas que concurran os factores de exclusión sinalados, que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral que sexan inferiores ao importe da suma do ingreso mínimo máis os complementos familiares que lles correspondería percibir por tramo persoal e familiar na renta de inclusión social de Galicia.*

#### **SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE FUNCIONAMENTO E DERIVACIÓN**

*A regulación do funcionamento do programa artéllase mediante unha comunicación directa, continua e coordinada entre o Concello e a empresa colaboradora.*

*As profesionais dos servizos sociais municipais serán as responsables da selección das familias beneficiarias, de acordo cos criterios técnicos establecidos. Unha vez realizada a valoración, comunicarse á entidade colaboradora a correspondente alta no programa a través da correspondente folla de derivación.*

*Con carácter previo á derivación, informarse á persoa ou unidade familiar ou convivencial das condicións de acceso, duración estimada, regras de funcionamento do programa e tratamento dos seus datos persoais sendo precisa a súa aceptación expresa nos termos legalmente procedentes.*

*A entidade colaboradora procederá á alta e baixa exclusivamente por solicitude dos servizos sociais municipais do Concello de Silleda.*

#### **OITAVA. PRAZO DE VIXENCIA E PRÓRROGA.**

*O presente convenio producirá efectos dende a data da sinatura e terá unha duración de 1 ano.*

*Antes da finalización do prazo inicial de vixencia, as partes poderán acordar expresamente a súa prórroga de conformidade co artigo 49.h. da Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, sempre que subsistan as razóns de interese público que motivaron a súa formalización e exista crédito adecuado e suficiente.*

#### **NOVENA. RÉXIME ECONÓMICO, FINANCIAMENTO E PAGAMENTO.**

*O servizo de donación de menús e/ou pratos individuais elaborados será prestado de forma gratuíta pola empresa CULINARIA.*

*O Concello de Silleda asumirá o custe do reparto que ascende a 0,25 € por menú, cun custe anual máximo de 2.600,00 € con cargo á aplicación orzamentaria municipal correspondente ás axudas de emerxencia social.*

*O réxime de pagamento e o seguimento dos menús entregados artéllanse conforme ao seguinte procedemento:*

*A mes vencido, a empresa emitirá a correspondente factura polo importe total dos menús efectivamente entregados, que deberá ir acompañada dun informe detallado no que se recollan as entregas realizadas durante o período mensual a cada familia beneficiaria, indicando a data de cada entrega, así como as incidencias que, de ser o caso, se producisen.*

*Unha vez recibida a documentación, os servizos sociais municipais tramitarán un expediente único para a súa fiscalización, conformidade e aprobación pola Xunta de Goberno Local, seguindo a mesma tramitación interna establecida para as axudas de emerxencia social.*

*En todo caso os compromisos económicos asumidos ao abeiro do presente convenio quedarán condicionados á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

#### **DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS, CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO**

*Ambas partes comprométense a cumprir coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en particular co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, e coa Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*

*Os datos persoais que se comuniquen entre as partes deberán ser os estritamente adecuados, pertinentes e limitados ao necesario para a execución do presente convenio.*

*A entidade colaboradora unicamente poderá tratar os datos persoais das persoas beneficiarias para a finalidade de xestionar a elaboración e entrega dos menús quedando expresamente prohibido calquera uso distinto e a súa cesión a terceiros salvo obriga legal.*

*As persoas que interveñan na execución do convenio quedarán suxeitas ao deber de segredo e confidencialidade respecto da información á que teñan acceso.*

*Se a execución do convenio implicase un tratamento de datos por conta do concello nos termos da normativa de protección de datos, as partes formalizarán de ser necesario, o correspondente instrumento xurídico de encarga de tratamento.*

#### **UNDÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO, VIXIANZA E CONTROL**

*Crearase unha comisión mixta de seguemento formada por representantes de ambas partes para avaliar o desenvolvemento do convenio:*

*- Ángela María Troitiño Gil, en calidade de Concelleira de Benestar social.*

- *Jacobo Durán Vieira, representante da empresa Culinaria.*
- *Sara Blanco Gil, coordinadora dos Servizos Sociais Comunitarios.*

*A comisión terá as seguintes funcións:*

- a. Resolver as cuestións de interpretación e seguemento derivadas da aplicación do convenio.*
- b. Supervisar o correcto desenvolvemento das actuacións previstas.*
- c. Coñecer as incidencias que se produzan na execución.*
- d. Propor, de ser o caso, melloras operativas que non alteren o contido esencial do convenio.*

*A comisión reunirse cando así o solicite algunha das partes e, en todo caso, sempre que resulte necesario para o adecuado control da execución.*

#### **DUODÉCIMA. MODIFICIÓN DO CONVENIO**

*O presente convenio poderá ser modificado por acordo exprese e unánime das partes asinantes mediante a correspondente addenda sempre que a modificación resulte compatible coa normativa aplicable e non altere a súa natureza xurídica.*

#### **DÉCIMOTERCEIRA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

*O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.*

*Serán causas de resolución, ademais das previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, as seguintes:*

- O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.*
- O acordo unánime das partes asinantes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por calquera das partes.*
- A imposibilidade sobrevida de executar as actuacións obxecto do convenio.*
- A decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.*

*No suposto de incumprimento, a parte perxudicada poderá requirir á outra para que cumpra nun prazo determinado as obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Se transcorrido o prazo persistise o incumprimento, poderá entenderse resolto o convenio.*

#### **DECIMOCUARTA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN.**

*O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, pola Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, pola Lei 5/1997 do 22 de xullo de administración local de Galicia, pola Lei*

13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia e demais normativa que resulte de aplicación.

As controversias que non poidan resolverse no seo de comisión de seguemento serán sometidas á orde xurisdicional contencioso – administrativo.

#### DECIMOQUINTA. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E REXISTRO

O presente convenio deberá ser obxecto dos trámites da aprobación, inscrición, publicidade e remisión que resulten esixibles conforme á normativa aplicable, incluídas, se procede, as obrigas derivadas da normativa de transparencia e do réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio, no lugar e data indicados.

Paula María Fernández Pena  
Alcaldesa do Concello de Silleda

Jacobo Durán Vieira  
Representante Culinaria

Deborah García Suárez  
A Secretaria"

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar o Convenio regulador transcrito anteriormente con CULINARIA para desenvolver ao longo do ano 2026.

**Segundo.-** Dar conta desta resolución no próximo Pleno da Corporación que se celebre.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

#### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**

---

**Concello de Silleda**

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021